

Tomango folgos (Microstorias)

Frantz FERENTZ

A primeira vez que a vin, ela non era máis ca unha foto. A última vez, porén, ela perdera unha dimensión.

* * *

—Son un nómade —dixo acerca de si mesmo tentando resultar interesante.

Mais os únicos nómades eran as súas crenzas, que nunca ficaban moito tempo no mesmo lugar.

* * *

Antes de eu abandonar o avión, unha asistente de voo da liña de baixo custo en que voara, mostroume un enorme sorriso e deume un anaco de papel.

Tiña de pagar unha multa de 12 euros por ter excedido a miña cota de oxíxeno a bordo.

* * *

—Vou tomar dúas decisións para o ano novo —dixo o tipo tentando soar interesante—. Unha será doada e a outra será complicada: pararei de rañar os testículos en público e aprenderei xaponés en seis meses...

Apenas levou a cabo a decisión máis doada: aprender xaponés en seis meses.

* * *

Nunca ela acreditara naquela estraña lenda que afirmaba que os nosos nomes marcaban o noso destino. Por iso ela non entendía por que gustaba tanto de comer carne crúa. Ignoraba totalmente que o seu apelido Czerv significaba escarvavello, isto é, “comedor de cadáveres” nunha lingua da Europa Oriental.

* * *

De súpeto, Nelly sentiu un “crac” a despois un “agh!”. Non precisaba comprobar de que se trata-

ba. Xa sabía que a mini-trapa para osos que preparara para o seu home non se pasar coa man nos collóns funcionara perfectamente.

* * *

O primeiro que fixen ao volver á casa, por volta das once da noite, foi contarlle á miña dona o magnífico discurso que o director, frei Bieito, nos dera acerca da familia.

—Eu xa sabía que a familia era todo na vida —dixen—, por iso paso todo o meu tempo a traballar naquela escola bendita de Deus.

De repente, unha rapariga entrou na cociña por un copo de leite.

—Quen é esa? —pregunteille á miña dona bishando.

—É a túa filla maior —dixo ela—, parece que non paras moito por aquí ultimamente...

* * *

Unha folla dun vello xornal atravesou o océano empurrada polo vento durante máis de trescentos oitenta quilómetros.

Ao cabo caeu na cabeza dun home que moraba nunha pequena illa deserta.

A folla do xornal traía unha noticia que dicía: “Diminúen aínda máis as taxas de natalidade”.

O home ollou ao seu redor, contemplou a súa soidade infinita e pensou:

—Non precisaba un anaco de papel para saber iso...

Despois deulle un uso hixiénico á folla de papel, o cal, polo menos, lle causou un gran pracer despois de tanto tempo.

* * *

Non son a mesma persoa despois da miña bolsa Erasmus. Gústame tirarme na neve, só quero falar en sueco todo o día e o meu nome é Astrid. Mais o peor de todo é que antes de marchar a Suecia, gustábame deitarme na praia cunha

boa cervexa fresca ao lado, mal sabía tres ou catro palabras en inglés e chamábame Miguel Ángel.

* * *

Despois de ter traballado tanto tempo para a Fundación, aquel coitado perdera a súa personalidade. Tivo que pór un anuncio nos xornais onde pedía que, se alguén a atopaba por casualidade, que o chamase.

* * *

Eran as tres da madrugada. A neve cubría toda a cidade. Só os dementes se aventurarian a saír con 25º graos baixo cero.

A estatua de Franz Kafka aproveitou a calma para baixar do pedestal, achegarse a unha fogueira prendida por uns sen-teitos á beira do río e compartir con eles uns grolos de vodka barata.

Aos vagabundos prestáballes a compañía da estatua porque, por algunha estraña razón, era quen de lles contar historias reais baseadas nas súas vidas éticas mentres os convidaba a comer ás de insecto crocantes que quitaba do seu peito de bronce.

* * *

Hoxe os microorganismos da auga da billa non son precisamente “micros”, percíbense á simple vista. Mais o peor de todo é que parecen intelixentes...

* * *

A súa halitose era tan brutal que mesmo os extraterrestres, cando trataron de abducilo, acabaron abortando a operación.

* * *

—Hasme recoñecer axiña —dixérame ela xusto antes da nosa cita.

Eu non a coñecía persoalmente. Todo o noso contacto fora por medio da rede social en que nos comezamos a nos comunicar meses atrás. Ao cabo eu tivera a coraxe de lle pedir unha cita e ela aceptou. Eu nin sequera sabía como era ela, porque na súa imaxe de perfil tiña posto unha banana.

Morto dos nervios, entrei no restaurante onde ela me citara. Entrei a tremer. Mais recoñecina

axiña. Si, ela era a única banana sentada nunha mesa que estaba a tomar unha bebida.

* * *

Decidín parar de me torturar. Ter dupla personalidade non é unha maldición, senón unha beizón. Por exemplo, agora estou a navegar pola rede mentres a miña outra personalidade está a dar aulas de matemáticas.

* * *

Finalmente descubrín como fan as gaivotas de Xixón para poder chilar durante as vinte catro horas do día, sen pausa e sen tregua, cubrindo todos os recantos da cidade.

Seguen un plano perfectamente deseñado: traballan en quendas, tres por día, onde participan todas as gaivotas da cidade.

* * *

Cando el saíu do psiquiátrico, ninguén podería imaxinar que atoparía unha parella estábel. A relación daquel paisano con aquela muller de ollar ausente funcionou perfectamente até a fin das súas vidas.

Cabo de moitos anos preguntáronlle cal era a chave do suceso da relación. El respondeu:

—Élles todo cuestión de estatística. Eu son esquizofrénico, teño daquela dupla personalidade. Ela disque é tan simple que non ten nin personalidade. Por tanto, estatisticamente, somos dúas persoas e dúas personalidades.

* * *

—Mamá, o avó non se move. Xa non funciona. O que fago?

—Fillo, o que se fai con todo o que deixa de funcionar. Múdalle as pilas.

—E onde están?

—Aí, na primeira gabeta.

—Ah, si, xa as vexo... Oi, xa funciona outra vez! Ola avó!

* * *

Un día os cidadáns decidiron usar as bandeiras como pareos, entón o goberno decidiu usar roupa íntima como bandeiras.

* * *

— Ten coidado coa tapa do váter. Péchaa, que escapa o *qi* (/tʃi/).

O *qi*. Prestáballe ouvir a súa ex muller falar daquela idea tan de seu da enerxía, do *qi*, que tanto guiaba a súa vida. Por iso, non lle fixo moito caso. Deixou a tapa do váter alzada.

Foi o seu maior error. Cando xa se viraba para saír do baño, unha especie de remuíño invisíbel o rodeou e o levou consigo polo váter.

Fora, aínda que el non o acreditase, cousa do *qi*.

Microstorias

www.eonaviego.blogspot.com